

ESTRUTURA E FORMACIÓN DE PALABRAS

A palabra é a mínima unidade lingüística, con significante e significado, que pode constituír por si mesma un enunciado. O seu significante está formado por unha sucesión de fonemas e represéntase na escrita como un conxunto de letras entre dous espazos en branco. O significado das palabras pode ser léxico (cando estas serven para expresar ideas ou conceptos: auga, rápido, ninguén, can, chover, aínda...) ou gramatical (cando serven para expresar nocións gramaticais como, por exemplo, relacións entre palabras: e, de, para...).

A estrutura das palabras

As palabras que teñen significado léxico pleno constan obrigatoriamente dun lexema ou raíz, que é un morfema pertinente fixo ou parte nuclear do significado. Moitas palabras están formadas unicamente polo lexema: *mel*, *luz*, *mar*, etc. Outras, ademais do lexema, posúen un ou varios morfemas afixos: *meloso*, *luzada*, *mariñeiro*, *desigual*, *anteollos*, etc. **Os morfemas afixos** poden ser de dous tipos: **flexivos** ou **gramaticais** (que expresan nocións como xénero e número: *nen-o*, *nen-a*, *nen-o-s*, *nen-a-s*), ou **derivativos**, que serven para formar palabras novas, ben cambiando a categoría gramatical da palabra primitiva, ou ben restrinxindo, expandindo ou modificando o significado dun termo. Estes morfemas derivativos son os **prefixos** (cando van antepostos ao lexema: *pre-ver*, *in-móbil*, *des-tapar*...) e os **sufixos** (pospostos ao lexema: *bonequ-iña*, *veciñ-anza*, *rapaz-ote*...).

Os interfixos están formados por un ou varios sons que funcionan como elemento de unión entre o lexema e o sufixo. Non son propiamente morfemas afixos, xa que non poden aparecer sós e non posúen significado: *-ac-+-ento* (*lam-ac-ento*), *-ar- + ada* (*lum-ar-ada*, *nev-ar-ada*). A clase de palabra ou categoría gramatical que chamamos verbo posúe morfemas específicos. Ademais do lexema, pode conter morfemas afixos que indican vogal temática, modo-tempo e mais número-persoa.

A formación de palabras

En función da súa estrutura morfolóxica, as palabras poden ser:

- **Simples:** as formadas por un único lexema e, facultativamente, por morfemas flexivos ou gramaticais de xénero e número (*nen-o*, *nena*, *nenos*, *nenas*).
- **Derivadas:** as formadas por un lexema e por morfemas derivativos (sufixos e prefixos). Facultativamente poden posuír tamén morfemas flexivos ou gramaticais de xénero e número (*terra: terriña, terriñas, terreos, terrosa*...).

- **Compostas:** formadas polo menos por dous lexemas e, facultativamente, por morfemas afixos, tanto flexivos como derivativos (*abrelatas, gardacostas, quebra- cabezas, paraugas, beirarrúa*).
- **Parasintéticas:**
 - a) presentan ao mesmo tempo composición e derivación; polo tanto, constan de dous lexemas e de morfemas derivativos. Facultativamente poden conter tamén morfemas flexivos de xénero e número. Dun xeito máis sinxelo pódese dicir que unha palabra parasintética é a derivada dunha composta (*paraugueiro, picapedreiro*).
 - b) Formadas por un prefixo e un sufixo de forma simultánea (*en-velle-ecer, a-vell-entar...*)

Ademais da derivación, a composición e a parasíntese, existen outros procedementos léxicos para a formación de palabras novas nunha lingua, como os préstamos e as fórmulas de abreviación:

- **Os préstamos:** son termos tomados doutras linguas (*software, glamour, spray, pizza, karaoke...*).
- **As siglas:** son fórmulas de abreviación constituídas polas letras iniciais de varias palabras (*ADSL, ATS, TVG*).
- **Os acrónimos:** son palabras formadas polo mesmo procedemento das siglas, mediante as iniciais (e en ocasións outras letras) tomadas de nomes complexos constituídos por varias palabras. A diferenza das siglas, os acrónimos non se pronuncian segundo os nomes das letras, senón que se len como palabras comúns (*RENFE, SERGAS, sida...*).
- **Os símbolos:** son abreviacións universais usadas na ciencia e na técnica: m (metro), Cl (cloro), Pb (chumbo), kg (quilogramo), Mb (megabit), N (norte), E (leste), W (oeste)...

As clases de palabras

A gramática tradicional clasificou as palabras en diferentes clases segundo a súa función ou o seu significado: nome substantivo, nome adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.

Segundo admitan ou non flexión mediante morfemas de xénero, número, etc. as palabras adoitan dividirse en variables e invariables.

- Variables: nome (substantivo e adxectivo), determinante (artigo, demostrativo, posesivo, numeral, interrogativo, exclamativo), pronome persoal, interrogativo
Invariables: adverbio, preposición, conxunción e intersección.

1. Sinala que clase de palabras son as seguintes atendendo aos morfemas que as compoñen (simples, compostas, derivadas ou parasintéticas). No caso dos termos que non sexan simples, busca a palabra primitiva de que proceden:

aterrar	barrigola	aleitar
contradicer	pasatempo	homiño
rañaceos	estudantes	ennobrecer
pracenteiro	augardenteira	terriña
ilexible	pedras	pastelaría
bacallau	casoupa	introvertida
andoriña	pontella	ther escornabois
madriña	traspasar	gordecha
galeguizar	presupor	empobrecemento

TIPOS DE MORFEMAS E ANÁLISE MORFOLÓXICA

A **derivación** é un procedemento morfolóxico de creación léxica que consiste na adición de **morfemas derivativos**, tanto prefixos coma sufixos, a un morfema léxico ou lexema.

As palabras derivadas son as formadas por un lexema e mais por morfemas derivativos. O conxunto de todas as palabras que teñen un mesmo lexema constitúe unha **familia léxica**.

Prefixos

Os **prefixos** son os morfemas derivativos que se localizan antes do lexema. Contri- bien a formar termos novos con significados diferentes dos da palabra primitiva de derivan. Moitos prefixos eran na súa orixe preposicións latinas ou gregas (*absterse; cohabitar; circunscrición; vicerrei; arquitrabe; arcebispo; microbús; transatlántico*).

Sufixos

Os sufixos aparecen despois do lexema. Podemos distinguir entre sufixos alterativos e derivativos:

- Os **sufixos alterativos** (diminutivos, aumentativos, despectivos e apreciativos) achegan matices de tamaño ou afectividade á significación orixinaria da palabra base ou primitiva (coitado→ coitadiño).
- Os **sufixos derivativos** forman novas palabras con significado distinto ao da palabra de que derivan (*carballo*→ *carballeira*). As palabras derivadas mediante sufixos derivativos poden pertencer a unha categoría gramatical distinta da do termo primitivo, isto é, permiten a formación de verbos a partir de substantivos, substantivos a partir de adxectivos, etc. (escaso→ escasear; duro dureza; *preguiza* →*preguiceiro*; *áncora* → *ancorar*, *ancoradoiro*...).

Familias léxicas

O conxunto de todos os termos que posúen o mesmo lexema constitúen unha familia léxica. De todos os xeitos existen familias léxicas que presentan variacións lexema, habitualmente debidas á existencia de formas patrimoniais, cultas e semicultas (*leite*, *lácteo*...).

O número de termos que constitúen unha familia léxica é variable. Algunhas palabras primitivas teñen máis termos derivados ca outras. Vexamos algúns exemplos de termos pertencentes á mesma familia léxica:

-*mesa* (palabra primitiva simple; substantivo).

-*mes-iña* (palabra derivada formada por un lexema e un sufixo alterativo diminutivo; substantivo).

-*sobre-mesa* (palabra derivada composta por un lexema e por un prefixo; substantivo).

-*mes-ón* (palabra derivada formada por un lexema e por un sufixo alterativo aumentativo, neste caso con cambio de significado; substantivo).

-*meson-eiro* (palabra derivada formada polo lexema *meson-*, que á súa vez unha palabra derivada que contén o lexema de *mesa*, como acabamos de ver, mais o sufixo derivativo *-eiro*; substantivo).

Unha mesma familia léxica pode estar constituída por palabras pertencentes a distintas categorías gramaticais:

- *cadro* (palabra primitiva simple; substantivo).

-*en-cadr-ar* (palabra derivada formada por lexema, prefixo e sufixo derivativo; infinitivo verbal).

-*cadr-ado* (palabra derivada formada por lexema e sufixo derivativo; adxectivo, substantivo ou participio verbal).